



# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX2023

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



Federación Galega de Automobilismo



XUNTA DE GALICIA



DEPORTE GALEGO

REGULAMENTO PARTICULAR TIPO

PROBA: III Rallymix Concello de Portas

PROVINCIA: Pontevedra

DATA: 26 e 27 de Agosto 2023



## INDICE

**TITULO I.....: PROGRAMA HORARIO**

**TITULO II....: ORGANIZACION**

Art. 1 Organización

**TITULO III....: MODALIDADES XERAIS**

Art. 2 Puntuabilidade  
Art. 3 Descrición  
Art. 4 Vehículos Admitidos  
Art. 5 Concursantes Admitidos  
Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripcións  
Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

**TITULO IV....: OBLIGACIONES XERALES**

Art. 8 Publicidade

**TITULO V....: DESENROLO DA PROBA**

Art. 9 Recoñecemento  
Art. 10 Hora Oficial do RallyMix  
Art. 10 Penalizacións  
Art. 11 Premios

**PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I.....: LICENZAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2023 (ANUARIO F.G.A.)**

**ANEXO II....: CONTROL DE TEMPOS**

**ANEXO III....: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD**

**ANEXO IV....: TERMINOLOXIA**

**ANEXO V....: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES**

**ANEXO VI....: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE**

**ANEXO VII....: ITINERARIO – HORARIO**

**ANEXO VIII....: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.**

**ANEXO IX....: CARNET DE RUTA**



## 1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
01/07/2023	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	Escudería Portas Motor
03/07/2023	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
21/08/2023	20:00	Peche de inscricións	Tel.677554523
22/08/2023	18:00	Publicación lista de inscritos	<a href="http://www.fga.es">www.fga.es</a>
Sábado 26 de Agosto	08:00	Distribución da folia de ruta para o recoñecemento libre dunha única pasada polo treito a unha velocidade non superior ós 60 quilómetro. Entrega de documentación	Bar Rincón
	De 08:30 a 11:00	<b>Verificacións Administrativas</b>	
	De 08:30 a 11:30	<b>Verificacións Técnicas</b>	Parque de Trballo situado no exterior do Bar Rincon
	De 09:00 a 10:30	<b>Recoñecementos. Regulamento Xeral de Rallymix publicado no artigo 10.</b>	
	11:30	Breaing no parque de traballo	Exterior Bar Rincon
	11:45	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	Autobús da FGA
	12:00	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	
	12:30	Saída 1º participante pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 2ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 3ª pasada	Treito cronometrado
Domingo 27 de Agosto	09:00	Saída 1º participante 4ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 5ª pasada	
	A Continuación	Publicación de resultados	Autobús da FGA
	A Continuación	Entrega de premios e trofeos	
	A Continuación	Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6)	

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios.

### TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Sábado) 26 de Agosto de 08:00 as 20:00 horas, ata o día (Domingo) 27 de Agosto de 08:00 as 18:00 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente na saída do Rallymix emprazado dentro do recinto do parque de traballo.

## 2.- ORGANIZACIÓN.

### Artigo 1.- Organización.

#### Artigo 1.1.- Definición:

A Escudería Portas Motor e a Escudería Charli Romeo organizan o III Rallymix Concello de Portas que se desenrolará desde o(s) día(s) 26/27 de Agosto do ano 2023.

Este RallyMix disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 19 DE XUÑO DE 2023. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-026-RX.



## Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Alberto José Alonso Gándara

Vocais:

D. Francisco Javier Abal Villar

D. Adrián Abal Villar

Secretario:

D<sup>a</sup>. Juan Manuel Piñeiro Roma

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Rúa Estación 20

C.P. 36658 Cidade Portas Provincia Pontevedra

Teléfono: 677554523

E-mail: rallymixportas@gmail.com

## Artigo 1.3. Oficiais:

**Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. Alberto José Alonso Gándara

DC-1362-GA-AUT

**Comisarios Deportivos:**

Presidente:

D. Victoriano González. Boullosa

CD-0001-GA-AUT

D. Roman Lamas Fernández

DC-0081-GA-AUT.

D. Cristobal Sierra Castro

DC-0909-GA-AUT.

**Observador da F.G. de A.:**

D. Francisco Javier Riaño Lueiro

OBS-0257-GA-AUT.

**Director da Carreira-Oficina /Autobús:**

D. Alberto José Alonso Gándara

DC-1362-GA-AUT.

**Xefe de Cronometraxe**

Dona. Anxela Castro Malvar

OB-0733-GA-AUT.

**Comisarios Técnicos:**

Presidente:

D. Manuel Montoto Orrea

DC-0377-GA-AUT.

Dona. Laura Rivas Salgueiro

DC-0446-GA-AUT.

**Responsable Equipos Cronometraxe:**

D. Jose Luis Gonzalez Gonzalez

CD-0907-GA-AUT.

**Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":**

D. Diego Besada González

DC-0183-GA-AUT.

**Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):**

Verde

D. José Ramón Sierra Freire

DC-0676-GA-AUT.

**Vehículo "00" (ESCOBA):**

Vermello

D. David Sierra Castro

DC-1360-GA-AUT.

Servizo vehículos de rescate: Gruas Umia

Servizo informático e publicación de tempos: GMHP (<https://www.atodomotor.com/>)

Servizo médicos: E.M.S. Galicia

Servizo de ambulancias: Ambulancias Nordes

Centros asistenciais: Quirónsalud, Hospital Provincial de Pontevedra ,e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de grúas: Gruas Umia

**Nota:** En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

## 3.- MODALIDADES XERAIS.

### Artigo 2.- Puntuabilidade.

O III RallyMix Concello de Portas é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:



- Campionato Clase A.
  - Campionato Clase B.
  - Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
  - Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
  - Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 6.
  - Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías
- (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- Copa de Galicia de Marcas de Carcross.
  - 9ª Copa Pirelli K6.
  - E as que designe a F.G. de A.

### Artigo 3.- Descripción.

O III RallyMix Concello de Portas consta dun percorrido de 11,900 quilómetros, dos cales 11,100 quilómetros corresponden a treitos cronometrados por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folia de ruta consta detallado o percorrido. O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

### Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2023 serán admitidos a participar.
  - Os vehículos de Montaña das Agrupacións 3 a 8, incluídas, ó selo circuito pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
  - Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
  - Os ATV biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcross e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
  - Os carcross, da especialidade de Autocross, e os ATV, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.
- 4.2.- Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.
- 4.3.- Os vehículos deberán presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.

#### 4.4.- CLASES:

##### CLASE "A":

**AGRUPACIÓN 1:** Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A. - FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

##### CLASE "B":

**AGRUPACIÓN 2:** Vehículos ata 1.600 c.c.  
**AGRUPACIÓN 3:** Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.  
**AGRUPACIÓN 4:** Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.  
**AGRUPACIÓN 5:** Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.  
**AGRUPACIÓN 6:** Vehículos propulsión traseira.

4.5.- Tódolos vehículos de clase B deberán tomar a saída coa roda de reposto xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; Polo que aplicaráselle o tratamento de vehículo non saído.

4.6.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

### Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

#### Artigo 6.- Solicitude de inscrición/s.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no III Rallymix Concello de Portas deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, á secretaría do Rallymix, sita en:

Rúa Estación 20

C.P. 36658 Portas Pontevedra

Teléfono: 677554523

E-mail: [rallymixportas@gmail.com](mailto:rallymixportas@gmail.com)

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 21 de Agosto de 2023.

6.2.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

6.3.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refúsamento da mesma.

6.4.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.5.- Os dereitos de inscrición terán que ser satisfeitos da seguinte forma:

**Na conta corrente nº ES34 2080 5019 4030 4003 8695 de ABANCA Sucursal de Portas.**

6.6.- Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.7.- A orde de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.8.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

#### Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **260,00 €.**, aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **520,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

#### 4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

**Artigo 8.- Publicidade.** A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

**Obrigatoria**



**Facultativa:** \_\_\_\_\_

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.): \_\_\_\_\_.

8.1.- Todos os carcross deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.

**5.- DESENROLO DA PROBA.** O desenrolo do RallyMix terá unha tanda de recoñecemento libre cun máximo de 3 pasadas polo treito, o sábado no horario establecido no regulamento particular (máximo hora e media), sendo imprescindible que pasarán as verificacións administrativas antes de recoñecer o



treito, non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 quilómetros./hora. Formas de desenrolo do RallyMix: TIPO A: Tres pasadas oficiais o sábado, dúas pasadas oficiais o domingo. TIPO B: Dúas pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. TIPO C: Tres pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 1 metro antes da liña de toma de tempos (fotocélulas). De ter que interromper a derradeira manga do sábado, por falta de luz, poderase rematar o Domingo, antes do comezo das mangas oficiais da xornada, dende o primeiro número non saído, non podendo saír os números previos, que non tomaran saída no seu orde, nin os vehículos que quedaran parados no treito.

#### **Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.**

9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros cunha tolerancia dun 15%. Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.

9.2.- Que a saída e a chegada fágase en asfalto obrigatoriamente, con a lo menos unha lonxitude da mesma de 25 metros dende a liña de fotocélulas, antes do primeiro cambio a superficie de terra.

9.2.1.- Crearase unha zona de presaída debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos e de saída onde se recollerán os carnés de ruta, e se comprobará que os participantes vaian cumprindo coas normas de seguridade (levar a roda de reposto, casco, luvas, hans, etc...)

9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.

9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de seis a computar no RallyMix. Por operatividade o numero de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, o domingo de 3/2, ou 3/3. O condicionante da luminosidade, e do numero de participantes, autoriza a exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión das mangas a celebrar, no caso de aprazarse parcialmente unha manga para o día seguinte será sempre nunha clase completa.

9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.

9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, carcross, trial, 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

9.7.- Publicarase en formato dixital, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto, e enviarase a F.G.A. xunto co Regulamento Particular. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba. Recoméndase a publicación na páxina da F.G.A. o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.

9.8.- **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.

9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.

9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocaranse as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.

9.11.- Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

9.12.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexerese polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2023 da Federación Galega de Automobilismo.

9.13.- Emitirase un carné de ruta por manga, utilizando o modelo publicado no Regulamento Particular Tipo da F.G.A., que será entregado nun punto do parque de traballo asignado (mediante comunicado polo organizador) e entregado os pilotos. Dito carné deberá ser entregado polo Xefe de Parque.

#### **Artigo 10.- Recoñecementos:**

10.1.1.- Os recoñecementos libres deberán ter unha duración máxima de hora e media quedando limitados a un máximo de 3 pasadas polo treito para cada equipo. Nos recoñecementos só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecelo treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa.



10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 € ou 1 minuto a criterio do colexio de comisarios deportivos, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.8.- Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado, e teranse que facer a velocidade moderada, non pasando de 60 quilómetro. por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa o equipo.

10.1.9.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.10.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos los efectos, e apertura de expediente disciplinario.

### **Artigo 11.- Carreira.**

11.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito na saída do treito.

11.1.1.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB, da saída do vehículo 0 (Director de carreira en estrada).

11.2.- Según artigo 7.2.- Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes **OPCIONAL RALLYMIX**.

11.3.- Presaída: O xefe de posto ou calquera dos comisarios técnicos revisarán, o cal recollerán o carné de ruta e comprobarán as medidas de seguridade (arneses, casco, vestimenta, extinción..) así como a existencia de roda de reposto nas condicións establecidas no Regulamento.

11.3.1.- Saída: O xefe de posto, encargarse de situalo vehículo no posto ou liña de saída. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.

11.4.- A saída darase lanzada, cun mínimo de 1 metro por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

11.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa Clase (A ou B) contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favoreceras reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización taxada.

11.5.1.- Cando un participante contabilizase como non saído no treito, daráselle o tempo de peor clasificado da súa Clase (A ou B), sumáralle unha penalización de +30" en dita manga. A elección é a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.

11.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

11.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado (descartando o tempo de calquera participante que estivera parado no treito), na mesma manga, da Clase a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas,





podendo continuar no RallyMix. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

11.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, impedimento de paso doutro vehículo ou por motivos organizativos aplicaráselle o seu tempo da pasada inmediatamente anterior, de non ser anómalo, no caso de selo queda a criterio dos Comisarios Deportivos. No caso de que se dea na primeira manga aplicaráselle un dos tres peores tempos da súa agrupación con paso previo por meta á interrupción da mesma, a criterio dos Comisarios Deportivos. De non existir Agrupación con paso por meta collérase dos tres últimos da clase a criterio dos Comisarios Deportivos podendo descartar en ambas tempos anómalos.

11.9.- No caso de asignación de tempos o sábado e o domingo son consideradas etapas diferentes non podendo asignar tempos dunha etapa anterior.

11.10.- Se un equipo non ten tempos propios por causas alleas a súa vontade considerarase tempo propio o asignado polos Comisarios Deportivos.

11.11.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse o parque pechado-traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

11.12.- Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

11.13.- Terase en saída un mínimo de 2 vehículos de tiro (4x4) ademais dunha grúa plataforma.

11.14.- Recoméndase o uso de 1 ambulancia 4x4., ademais das ambulancias SVA e SVB obrigatorias.

11.15.- Chicans.- Según o Artigo ARTIGO 24.- NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS "CHICANS" EN MONTAÑA E RALLYMIX das prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. Poderán instalarse por motivo de seguridade pero non serán penalizables.

#### **Artigo 12.- Parque Pechado - Parque de Traballo.**

12.1.- O parque de traballo, terán que ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipulalo vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado. No caso de facer parque pechado terá que estar ubicado dentro do parque de traballo.

12.2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

#### **Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.**

13.1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web [www.time.is](http://www.time.is).

13.2.- O Director de Carreira designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. O Xefe de parque entregará, antes do comezo da manga, o carné de ruta a cada participante no lugar designado do parque de traballo polo organizador. A aplicación faise para axilizalo RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

**Artigo 14.- Penalizacións.** As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de RallyMIX da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2023.



### Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"	
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)	
1º	500 € e Trofeo
2º	400 € e Trofeo
3º	250 € e Trofeo
4º	150 €
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 €.</b>	

XERAL SCRATCH "CLASE B"			
AGRUPACIÓNS 2, 3, 4, 5 e 6			
XERAL	PREMIOS POR AGRUPACIÓNS		
1º 500 € e Trofeo			
2º 400 € e Trofeo	<b>ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)</b>	<b>MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)</b>	
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
6º 150 €			
7º 150 €	<b>MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)</b>	<b>MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)</b>	<b>PROPULSIÓN TRASEIRA (AG. 6)</b>
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
10º 100 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
<b>TOTAL: 2.250 €</b>	<b>TOTAL: 2.650 €</b>		
<b>TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.900 €UROS.</b>			

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, seareiros, nin mecánicos.

Don Alberto José Alonso Gándara, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-1362-GA-AUT, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asinado.: Director da Proba  
N.I.F.: 35.491.197N  
Licenza DC-1362-GA-AUT

Entidade: Escudería Portas Motor  
C.I.F.:G-10.652.733  
Asinado.: Presidente D. Alberto José Alonso Gándara  
Licenza DC-1362-GA-AUT



Asdo.: Xefe de Seguridade Vial  
N.I.F.: 77414817Z  
Licenza DC-0183-GA-AUT

PROGRAMA-HORARIO DE REUNIÓNS DE COMISARIOS DEPORTIVOS			
REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
	26 de Agosto de 2023	08:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª	26 de Agosto de 2023	12:00	
3ª	26 de Agosto de 2023	15:00	
4ª	27 de Agosto de 2023	08:00	
5ª	27 de Agosto de 2023	16:00	



## ANEXO II

**CONTROL DE TEMPOS** estarase ao disposto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

## ANEXO III

### FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- O principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alomenos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, e dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si aí un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

### SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.

Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberta do Organizador.

MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

P. KM.		FOTO TERRESTRE DE TRAMO	INFORMACION	
DISTANCIA TC. 10,000		SIMULACION DE LA DIRECCION A SEGUIR		
<b>P.KM. TRAMO</b>			42°38' 26,13" N   8° 53' 53,26" W	
<b>SALIDA</b>				
K.M. A META	10,000			
K.M. PARCIAL	0,000			
<b>P.KM. TRAMO</b>			42° 38' 30,5" N   8° 35' 2,7" W	seguimos de frente por vista de tierra
<b>0,110</b>				
K.M. A META	9,890			
K.M. PARCIAL	0,110			
<b>P.KM. TRAMO</b>			42° 38' 28,5" N   8° 34,3' 35" W	en cruce nos frenos por la derecha
<b>0,540</b>				
K.M. A META	9,460			
K.M. PARCIAL	0,430			
<b>P.KM. TRAMO</b>			42° 38' 24,4" N   8° 34,8' 26" W	vista de monte a derecha-continuaremos por ella
<b>0,720</b>				
K.M. A META	9,280			
K.M. PARCIAL	0,180			
<b>P.KM. TRAMO</b>			42° 38' 26" N   8° 34' 43" W	nos frenos por la derecha por asfaltado
<b>1,080</b>				
K.M. A META	8,920			
K.M. PARCIAL	0,360			
				PAG : 2



#### ANEXO IV TERMINOLOXIA

<b>Sector de enlace</b>	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
<b>Sección</b>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none"><li>- entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento.</li><li>- entre dous reagrupamentos sucesivos.</li><li>- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.</li></ul>
<b>Etapa</b>	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do percorrido efectuado, si este é inferior a sete horas.
<b>Neutralización</b>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<b>Reagrupamento</b>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<b>Parque Pechado</b>	Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
<b>Complemento</b>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
<b>Carnet de Control</b>	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
<b>Treito cronometrado</b>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.



## ANEXO V ENCARGADO DAS RELACIONS COS PARTICIPANTES

### MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

### PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades dependendo do horario do RallyMix).

### Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenvolvemento da proba.

### Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, abstérase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



**Srt. Diana Rivas Salgueiro**  
Relacións cos Participantes  
DC-0097-GA-AUT



## ANEXO VI

### 1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

**a) Plan de Seguridade:** Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

**b) Xefe de Seguridade Vial:** No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

**c) Control:** O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

### 2) SEGURIDADE NO TREITO CRONOMETRADO:

**a) Servizos de asistencia:** Na saída de cada treito cronometrado: 1 vehículo de rescate. 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistencial). 1 equipo de socorristas. 2 grúas. 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 quilómetro: 1 médico. 1 ambulancia equipada. 1 equipo de socorristas.

De acordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

**b) Medidas preventivas. Sinalización:** As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

**Intervención:** Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

**Información:** Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

**c) Vixilancia:** Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 quilómetros), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

**d) Evacuación:** Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urgencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

**3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE:** O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.



### ANEXO VII



SOLICITUDE DE TREITOS E HORARIOS DE PECHERÍA PARA A CELEBRACIÓN DA PROBA DENOMINADA:

### III RALLYMIX CONCELLO DE PORTAS

DENOMINACIÓN TREITO	TITULARIDADE ESTRADA	SIGLA E NÚMERO	DÍA	MES	ANO	HORA PECHERÍA	HORA APERTURA
PORTAS	DIPUTACIÓN PONTEVEDRA	EP8101 DENDE O KM. 3,200 ATA O KM 4,082 (Parque Trabalho e Custodia)	26	08	2023	07:00	00:00
PORTAS	MUNICIPAL	SIN NOMENCLATURA DENDE SAIDA DO TREIRO ATA O KM. 12,340 (STOP) (Estradas da Concentración Parcelaria y Comunidades de Montes de Liñar, PortadeConde e Romai)	26	08	2023	07:00	00:00
PORTAS	DIPUTACIÓN PONTEVEDRA	EP8101 DENDE O KM. 3,200 ATA O KM 4,082 (Parque Trabalho e Custodia)	27	08	2023	00:00	18:00
PORTAS	MUNICIPAL	SIN NOMENCLATURA DENDE SAIDA DO TREIRO ATA O KM. 12,340 (STOP) (Estradas da Concentración Parcelaria y Comunidades de Montes de Liñar, PortadeConde e Romai)	27	08	2023	00:00	18:00

Asinado, Diego Besaka Gonzalez  
Xefe Seguridade Vial



VEPS  
Alberto José Alonso Gandara  
Presidente  
Escudería PORTAS MOTOR





### ANEXO VIII CARAVANA RALLYMIX:

En tódolos rallymix a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

**Megafonía:** Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

**Xefe de Seguridade Treito:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

**Observador Federación:** Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

**Xefe de Seguridade Vial:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

**Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde):** Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

**Vehículos participantes:** Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

**Xefe de Seguridade Treito:** Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

**Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello).** Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

**Advertencia:** Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, así como da inhabilitación das licenzas de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

**Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos:** En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD ou GA-JOC, obrigatoriamente.

**Nova normativa Comisarios Técnicos:** Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitírase unha acta-informe que grampada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.



**ANEXO IX**  
**CARNET DE RUTA**

	<b>Federación Galega de Automobilismo</b>		<b>AON</b> Empower Results®		<b>Allianz</b>		<b>XUNTA DE GALICIA</b>		<b>DEPORTE GALEGO</b>										
III Rallymix Concello de Portas 26 e 27 de Agosto do 2023																			
<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-bottom: 5px;">COCHE Nº</div> <div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>							<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;">Km: 12,340</div>												
			<b>CARNET DE RUTA</b>																
<p style="text-align: center;">XACOBEO</p> <div style="border: 1px solid black; padding: 5px; margin-bottom: 5px;">Vehículo Anterior</div> <div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>			<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 50%;"></td> <td style="width: 10%; text-align: center; color: red;">TREITO 1</td> <td style="width: 40%; text-align: center;">SABADO</td> </tr> <tr> <td style="height: 40px;"></td> <td style="width: 10%;"></td> <td style="width: 40%;"></td> </tr> </table>			TREITO 1	SABADO				<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block; color: red; font-weight: bold;">HORA TEORICA DE CONTROL DE PRESAIDA</div>								
	TREITO 1	SABADO																	
							Asdo. Comisario												

**MOI IMPORTANTE**

2.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvedade de que se non sae antes do derradeiro participante contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favoreceras reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada. 2.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, de cada Agrupación. Para aparecer na clasificación final terase que completar alámenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

Nota: Antes de cada manga entregarase ós participanés, polos relacións cos participantes (con sinatura de recibí), o carnet de ruta coa hora de saída. Cada manga terá un carnet de ruta de diferente cor. Ó sonar as sirenas marinas, durante un minuto, indica o comezo do treito. Para no tomar saída nunha manga deberá presentar petición por escrito o Colexio de Comisarios Deportivos, a través da relacións cos participantes